



BANDO DA ALCALDÍA

NO 75 CABODANO DE CASTELAO (1950-2025)

Neste 7 de xaneiro de 2025, cando se cumplen 75 anos do pasamento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, o Concello de Arzúa quere render homenaxe a quen foi, sen dúbida, unha das figuras máis relevantes da historia política, cultural e social de Galiza. Castelao non só foi un artista de talento excepcional e un escritor fundamental, senón tamén o principal referente do nacionalismo galego do século XX. A súa vida estivo marcada por unha profunda entrega á defensa da nación galega e dos dereitos do noso pobo, loitando sempre por unha Galiza dona de si, xusta e próspera.

Como político e intelectual comprometido, Castelao foi unha peza chave no impulso do Estatuto de Autonomía de Galiza de 1936, unha ferramenta que aspiraba a dotar á nosa terra dunha maior capacidade de autogoberno dentro do Estado español. Mais a Guerra Civil e a posterior ditadura franquista frustraron aquel soño, sufrindo a persecución a mans do fascismo español e obligándoo ao exilio.

Lonxe da súa patria, primeiro en Cataluña, logo en Francia e finalmente en Bos Aires, nunca abandonou a súa loita por Galiza. Desde a emigración, seguiu traballando arreo pola causa galega, denunciando a opresión franquista e mantendo viva a súa entrega e compromiso con Galiza.

A súa obra *Sempre en Galiza*, publicada en 1944, converteuse no grande manifesto político do nacionalismo galego. Nel, Castelao defende con paixón e lucidez o dereito de Galiza a existir como nación, con identidade propia, con cultura propia e con futuro propio. A súa visión de Galiza non era simplemente sentimental ou folclórica, senón profundamente política: unha Galiza que debía espertar, tomar conciencia de si mesma e reclamar o seu dereito a decidir o seu propio destino.

Castelao cría firmemente nunha Galiza que non fose subordinada nin esquecida, senón protagonista da súa historia. Por iso, desde a presidencia do Consello de Galiza - o goberno galego no exilio -, traballou incansablemente por manter viva a reivindicación do autogoberno, apelando á unidade dos galegos e galegas na defensa da súa dignidade como pobo.

Hoxe, cando se cumplen 75 anos do seu pasamento, o seu pensamento segue máis vixente ca nunca. Castelao lévanos a reflexionar sobre o futuro da nosa nación e sobre a responsabilidade que temos de seguir construíndo unha Galiza con capacidade de decisión e con orgullo da nosa lingua e cultura propias.

No Concello de Arzúa, renovamos o noso compromiso cos ideais que el defendeu e reafirmamos a nosa vontade de seguir traballando por esa Galiza dona do seu destino, xusta e forte pola que loitou até a fin dos seus días.

Que o pensamento e o exemplo de Castelao pervivan e nos guíen sempre.

A nosa terra é nosa!

Arzúa, 7 de xaneiro de 2025

O Alcalde

Xoán Xesús Carril Ramos

